



LIÑAS ESTRATÉXICAS E CRITERIOS DE DESEÑO DAS ACCIÓNS FORMATIVAS

Cursos Propios

ÁREA TÉCNICA – SERVICIO DE FORMACIÓN

área técnica_servizo de formación

Liñas estratéxicas e criterios de deseño das accións formativas

En función dos contidos e modalidade formativa desenvolvida, o servizo de formación do COAG articula as súas actividades en tres liñas diferenciadas:

	MODALIDADE FORMATIVA	CONTIDOS QUE DESENVOLVE
1	CURSOS PROPIOS <ul style="list-style-type: none"> • actualización profesional [<30h] • especialización [>30h] 	Materias que son inherentes e específicas da arquitectura e o seu ámbito competencial
2	OFERTAS COLECTIVAS DE ENTIDADES EXTERNAS DE FORMACIÓN	Materias que son transversais a outras disciplinas, pero que son demandadas polos colexiados por supoñer unha mellora na súa capacitación profesional (ferramentas informáticas, habilidades, etc)
3	XORNADAS TÉCNICAS	Aspectos técnicos de gran especificidade relacionados coa aplicación e empleabilidade de materiais e produtos concretos vinculados ó sector da construción.

Neste documento desenvólvense as liñas estratéxicas e criterios de deseño dos cursos do epígrafe

1. CURSOS PROPIOS

1 | OBXECTIVOS E LIÑAS ESTRATÉXICAS

CÓMO SE DEFINEN OS OBXECTIVOS DO SERVIZO?

Como paso previo á elaboración do plan de formación anual, e a definición xeral e redefinición dos obxectivos anuais (se ben os obxectivos xerais non varían, a forma de materializalos se revisa anualmente xa que as necesidades dos colexiados e as circunstancias xerais son variables), e co obxectivo de aliñar no maior grado posible as necesidades formativas e preferencias dos colexiados coas actividades ofertadas, pártese:

1. Por unha banda, **do estudo temático** elaborado polo servizo de formación.
2. Dos resultados **dunha breve enquisa** na que se inclúen preguntas relacionadas tanto coas temáticas a desenvolver como con cuestión de tipo organizativo, horarios, prezos, modalidades formativas, etc., á que o ano pasado respostaron 283 colexiados.

Se ben, **de forma xeral, o obxectivo da formación do COAG é adecuar a oferta formativa ás necesidades e demandas reais dos colexiados.** Dentro deste obxectivo xeral, e como aspectos necesarios para a súa consecución, as accións formativas do COAG deséñanse para dar cumprimento aos seguintes obxectivos:

1. OBXECTIVOS DE CALIDADE E DOS CONTIDOS ABORDADOS

- › A formación propia do Colexio de Arquitectos debe ser unha formación **especializada nas materias que forman parte do ámbito competencial directo dos arquitectos**, e debe estar **orientada, deseñada e dirixida, de forma particularizada** (tanto en contidos coma en formato), **a dar cobertura ás necesidades dos arquitectos de Galicia.** Por este motivo
- › Por este motivo, **descártanse os cursos de contido “xeralista” e estandarizado**, e desenvólvense temáticas deseñadas especificamente para dar resposta ás particularidades do noso colectivo.
- › **Priorízanse os enfoques prácticos** das accións formativas, de forma que o **aproveitamento da adicación presencial por parte dos alumnos sexa máximo**, complementándose, cando é necesario, a carga teórica co apoio da plataforma de formación on line.
- › Complementéntase o desenvolvemento dos cursos poñendo a disposición dos alumnos na plataforma de formación on-line actividades (de carácter voluntario ou non, en función do curso) tales como tests de autoavaliación, exercicios prácticos, que, tutelados polos profesores, axuden a fixar os conceptos básicos, a resolver as dúbidas e a ter un marco onde aplicar os coñecementos adquiridos.

2. OBXECTIVOS DE DESEÑO E DE MODALIDADE DAS ACCIÓNS FORMATIVAS

Os perfís dos alumnos que utilizan o servizo de formación do COAG e moi diverso, non só en intereses temáticos, senón tamén en idades, dispoñibilidade de tempo, dispoñibilidade económica, idades, circunstancias persoais e profesionais.

Por iso, e tras analizar os datos das enquisas respostadas por eles e os extraídos dos participantes nos diferentes cursos propios, e co obxecto de que todos os colexiados interesados en formarse en diferentes aspectos podan acceder a formación que lles resulte compaxinable coas súas circunstancias, o COAG desenvolve, de maneira simultánea, **dúas liñas formativas:**

2.1. Cursos de actualización profesional.

Cursos de duración breve (inferior a 30 horas) sobre materias concretas e acoutadas. Dirixidos fundamentalmente a cubrir as necesidades dos colexiados que teñen interese en

manter actualizados os seus coñecementos pero contan cunha dispoñibilidade de tempo ou de medios limitada. Tendo en conta o perfil dos destinatarios principais, este tipo de cursos convócanse nun número de edicións proporcional á demanda xerada, e en diferentes ubicacións, co obxectivo de facelas o máis accesibles posibles ao máximo número de colexiados.

2.1. Cursos de especialización

Cursos destinados a cubrir a demanda de formación ampla e especializada. O número de colexiados que demandan este tipo de formación é, en global, inferior ao número de colexiados que demandan cursos de actualización, xa que supoñen unha inversión económica e de tempo moito mais elevada. Por este motivo, ábreanse aos alumnos nunha edición única (salvo casos moi excepcionais de demandas extraordinarias sobre temas de actualidade, como foi o caso da entrada en vigor da nova Lei do Solo de Galicia).

Cursos de duración superior a 30 horas (e ata 400), nos que se desenvolven en profundidade materias relacionadas con diferentes ámbitos. Contan, na maior parte dos casos, con recoñecemento e valoración por parte de organismos oficiais (EGAP, por exemplo).

3. OBXECTIVOS ECONÓMICOS

No deseño das actividades formativas dáse cumprimento a unha dobre esixencia económica:

3.1. Que, en aplicación do disposto na Lei 25/2009, as actividades formativas **sexan sostibles mediante os ingresos obtidos das matrículas dos alumnos.**

3.2. **Que os prezos de matrícula estean nun rango considerado “razoable” polos colexiados, de forma que sexan accesibles,** sen que por iso se perda a atención personalizada e particularizada aos alumnos.

Os criterios empregados descríbense no apartado seguinte “criterios de deseño”

CÓMO SE AVALÍA O GRAO DE CUMPLIMENTO DOS OBXECTIVOS DO SERVIZO?

› Mediante enquisas de satisfacción dirixidas aos alumnos que participan en cada unha das actividades formativas, nas que se recolle a súa valoración tanto dos aspectos académicos como de aspectos organizativos e económicos.

O seguimento das respostas dos alumnos permítennos ter unha aproximación acerca do **grao de cumprimento dos diferentes obxectivos en cada unha das actividades formativas levadas a cabo.**

› Mediante a análise dos datos de matrículas e asistentes, que serve para avaliar:

– o interese suscitado polas actividades formativas propostas.

- A adecuación da ubicación de ditas actividades coa ubicación da demanda (lugar de celebración da actividade vs lugar de procedencia dos alumnos)
- A análise dunha serie de indicadores que nos permiten “medir”, de forma orientativa, se a oferta formativa estase distribuindo de forma equilibrada entre todos os colexiados ou se pola contra, por algún motivo, hai ubicacións onde os colexiados estanse a formar menos que a media, analizar as posibles causas e tomar as medidas que permitan corrixir a situación detectada.

2 | CRITERIOS DE DISEÑO

Como se indicaba anteriormente, como paso previo á elaboración do plan de formación anual, e con obxectivo de aliñar no maior grado posible as necesidades formativas e preferencias dos colexiados coas actividades ofertadas, pediuse aos colexiados que respostasen una breve enquisa na que se incluíron preguntas relacionadas tanto coas temáticas a desenvolver como con cuestión de tipo organizativo, horarios, prezos, modalidades formativas, etc

Da análise das respostas dos colexiados que participaron nesta enquisa extráense unha serie de conclusións principais que veñen a determinar as condicións xerais de deseño dos cursos que se recollen a continuación:

1. No relativo aos **contidos das actividades formativas**, e analizando as propostas aportadas por eles dentro de cada un dos grupos temáticos propostos, evidéncianse cinco liñas transversais que engloban contidos incluídos en grupos temáticos diferentes relacionados entre si. Así, a proposta de plan de formación para 2019 desenvolve cinco liñas formativas en correspondencia coas seguintes temáticas:
 1. **A metodoloxía BIM para arquitectos.**
 2. Diferentes **aspectos relacionados co exercicio da práctica profesional**
 3. **O urbanismo e a ordenación do territorio**
 4. **A normativa de edificación e o aforro enerxético** e a súa aplicación práctica a obra nova e a intervencións sobre edificacións existentes.
 5. **A tecnoloxía da construción en sentido amplo:** os sistemas construtivos, estruturais e de instalacións, as novas técnicas, a rehabilitación, inspección e mantemento, etc.
2. Os **horarios**, en cursos de actualización profesional, serán **preferentemente de tarde**, o una combinación **venres tarde + sábado mañá**. En canto ás **ubicacións**, propónse que nos cursos de actualización, cando a programación inclúa dúas edicións, unha se localizará nas provincias do norte de Galicia (A Coruña e Lugo) e a outra nas provincias do sur

- (Pontevedra e Ourense). Estas días edicións non teñen necesariamente que coincidir na programación do mesmo cuatrimestre.
3. En canto á **modalidade formativa**, para cursos de actualización, propónse a modalidade **semipresencial**, que permita diminuír o número de horas presencias utilizando como complemento para soporte documental e elaboración de diferentes actividades a plataforma Moodle que xa se está a utilizar en cursos de especialización.
 4. No relativo aos **prezos**, con carácter xeral, adecuaranse os importes de matrícula a un **máximo de 9 euros/hora para colexiados subscritos ao servizo de formación**.

3 | ELABORACIÓN DO PLAN DE FORMACIÓN ANUAL

Na elaboración do plan de formación anual aplicaranse os criterios xerais de deseño definidos no apartado anterior. Articularase nas seguintes fases:

1. **Elaboración e aprobación dunha proposta anual de actividades formativas a desenvolver:** liñas formativas, temáticas e planificación temporal orientativa (por períodos cuatrimestrais). Unha vez aprobada, dita programación publicarase aos colexiados.

2. **Desenvolvemento da programación detallada da programación de cada un dos cuatrimestres:**

2.1. Cursos de actualización profesional:

Incluirá a definición completa das actividades formativas a desenvolver: prezos, duración, ubicación, etc. A elaboración levarase a cabo de maneira conxunta cos responsables de cada Delegación. O obxectivo é pechar a oferta formativa completa, incluíndo as aportacións e propostas temáticas das diferentes Delegacións do COAG, e unha vez definidas as accións formativas a desenvolver, acordar a cronoloxía e ubicacións de cada unha das actividades.

A programación de cada cuatrimestre deberase aprobar polos responsables da Xunta de Goberno do COAG e posteriormente publicarase aos colexiados.

Un mes antes da presentación da programación cuatrimestral deberá estar completamente pechada a relación de actividades a desenvolver nese período. O último mes destinarase a concretar as cuestións de tipo organizativo (prezos, ubicacións, etc).

2.2. Cursos de especialización:

Para a programación desta modalidade de actividades formativas, elaborárase unha enquisa específica en relación aos cursos propostos. Dado que a complexidade

organizativa deste tipo de actividades é maior que nos cursos de actualización profesional, dado que ás veces dependen tamén da tramitación por outros organismos oficiais (EGAP, etc), a programación de cada unha delas é obxecto de estudo e aprobación específica.